



ACTA Nº 2019/6  
SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 12 DE XUÑO DE 2019

**ACTA Nº 2019/6**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**

**MÉRCORES 12 DE XUÑO DE 2019 -**



## ACTA Nº 2019/6

Asistentes:

**PRESIDE:**

FERNANDO PEREZ FERNANDEZ

**ASISTEN:**

BNG

JOSE ANTONIO COTOS SEOANE

MARTA GARCIA SANCHEZ

ALVARO XESUS GARCIA FREIRE

PP

OSCAR VAZQUEZ CORRAL

JOSE EMILIO MAHIA NEIRA

JESUS GOMEZ GARCIA

MARIA DEL CARMEN TORREIRO COTOS

JOSE DAVID PINTOR PAZO

**AUSENCIAS:**

**SECRETARIO:**

AFONSO BIEITO LORENZO PENELA

**ACTA DA SESIÓN  
EXTRAORDINARIA CELEBRADA  
POLO PLENO DESTE CONCELLO  
NA SALA DE SESIÓNS O  
MÉRCORES 12 DE XUÑO DE 2019**

Na casa do concello de Vilasantar, sendo as 13:34 horas, baixo presidencia do señor alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación. Non hai ningún cidadán presente en calidade de público.

Aberta a sesión de orde do Sr. presidente, este indica que a sesión vai ser gravada. En consecuencia, a referencia horaria do inicio de tratamento dos distintos puntos referirase ao tempo da gravadora.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión.

A continuación pasouse ao estudio da orde do día, adoptándose sobre os asuntos contidos na mesma os seguintes acordos:

### ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, no seu caso, dos borradores das actas das sesións anteriores.

#### **1.- Aprobación de actas anteriores**

A continuación o alcalde do concello explica brevemente a razón da sesión que é a última desta corporación. A seguir dá conta das actas pendentes de aprobar, que son as seguintes:

-Actas nº 02 (1 de abril) e 05 (29 de abril) de sorteos das mesas electorais que resultan aprobadas sen ningún reparo á súa redacción nin contido.



## Concello de Vilasantar

ACTA Nº 2019/6  
SESIÓN PLENARIA MÉRCORES 12 DE XUÑO DE 2019

-Acta nº 03 (5 de abril) extraordinaria. Sobre esta acta intervén o concelleiro do BNG, Álvaro García Freire, alegando que no punto 1, cando de fala de Fontecamba dise que o alcalde fai unha primeira chamada á orde do propio concelleiro Álvaro García Freire. Quere aclarar que estaba el no uso da palabra e que, despois de oito interrupcións do alcalde pediu que, por educación, se lle deixara falar e é nese momento cando o alcalde lle fai a chamada á orde, que se pode comprobar que sucedeu así cotexando coa gravación. Quere que figure así na acta.

O alcalde do concello, Fernando Pérez Fernández, di que quede constancia do dito e máis tamén do seu total desacordo.

Sometida a votación a acta 03/2019 resulta aprobada na súa redacción orixinal e sen reparos a súa redacción nin contido por seis votos a favor (PP) e tres en contra (BNG).

-Acta nº 04 (11 de abril) ordinaria. Non hai intervencións e, sometida a votación, é aprobada por unanimidade dos asistentes.

A continuación o alcalde quere agradece os anos de traballo do actual secretario que, como xa é coñecido por todos os presentes, vaise xubilar proximamente.

.Ás 13:41horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

Vilasantar, martes 18 de xuño de 2019

O secretario, Afonso Bieito Lorenzo Penela

Visto e praxe, O alcalde, Fernando Pérez Fernández